

Expediente núm.: 1001/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratación. Contrato de subministro por procedemento aberto supersimplificado : Subministro de vehículo retroescavadora mixta de segunda mán.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de Secretaría asinado o 25 de setembro de 2024 en relación con este expediente, que literalmente, di:

“INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En relación co expediente relativo á contratación por procedemento aberto supersimplificado, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Á vista dos seguintes antecedentes:

| Expediente | Procedemento | Resolución | Data |
|------------|---|------------------------------|-------------------|
| 139/2024 | Subvención da -Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte ao abeiro da Orde 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). | Concesión de 32.524,60 euros | 7 de xuño de 2024 |

SEGUNDO. Á vista do expediente de contratación tramitado:

| Documento | Data/Núm. | Observacións |
|---|-------------|--------------|
| Providencia de Alcaldía | 27/08//2024 | |
| Informe de Secretaría | 28/08//2024 | |
| Informe de fiscalización “Fase A” | 28/08/2024 | |
| Memoria xustificativa da contratación | 27/08//2024 | |
| Resolución de Alcaldía da aprobación do | 27/08//2024 | |





| | | |
|--|-------------------|---------------------------|
| <i>inicio do expediente</i> | | |
| <i>Prego de cláusulas administrativas</i> | <i>28/08/2024</i> | <i>Data de aprobación</i> |
| <i>Prego de prescricións técnicas (proxecto técnico)</i> | <i>28/08/2024</i> | <i>Data de aprobación</i> |
| <i>Acta Mesa de Contratación</i> | <i>25/09/2024</i> | |

TERCEIRO. *Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:*

| | |
|---|---|
| <i>Tipo de contrato:</i> | <i>Subministro</i> |
| <i>Subtipo do contrato:</i> | |
| <i>Obxecto do contrato:</i> | <i>Subministro de vehículo retroescavadora mixta de segunda man</i> |
| <i>Procedemento de contratación:</i> | <i>Aberto supersimplificado</i> |
| <i>Tipo de Tramitación:</i> | <i>Urxente</i> |
| <i>Valor estimado do contrato:</i> | <i>26.879,83 euros</i> |
| <i>Orzamento base de licitación IVE excluído:</i> | <i>26.879,83 euros</i> |
| <i>IVE %:</i> | <i>5.644,77 euros</i> |
| <i>Orzamento base de licitación IVE incluído:</i> | <i>32.524,60 euros</i> |
| <i>Período de execución:</i> | <i>1 meses (máximo cinco días hábiles antes do 31/10/2024)</i> |
| <i>CPV</i> | <i>43251000-7: Palas cargadoras de carga frontal, con pala retroescavadora.</i> |

Lotes: NON

CUARTO. *Á vista das ofertas presentadas:*

Non se presentan empresas licitadoras.

QUINTO. *Á vista da proposta de resolución formulada pola Mesa de Contratación en sesión de 24 de setembro de 2024 que propón ao órgano de contratación a declaración de deserto do contrato de subministro de vehículo retroescavadora mixta de segunda man. Como consecuencia da ausencia de empresas licitadoras.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— *Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

— *O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei*



30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo alcalde-presidente de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (se ben esta competencia se atopa delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de Alcaldía núm. 2023-0228 do 25 de xuño de 2023).

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar deserto o contrato de subministración de vehículo retroescavadora mixta de segunda má. n.

SEGUNDO. A razón pola que se propón a declaración de deserto do contrato de subministración de vehículo retroescavadora mixta de segunda má. n. é que non se presentaron empresas licitadoras, polo que non constan ofertas económicas que podan ser valoradas conforme aos criterios establecidos no PCAP

TERCEIRO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

CUARTO. Publicar anuncio de declaración de deserto do contrato no perfil de contratante .

QUINTO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público declaración de deserto do contrato

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente”.

Visto que a competencia de alcaldía en materia de contratación, tal e como se recolle na proposta anteriormente transcrita, foi delegada na Xunta de Goberno Local e que dito órgano non vai celebrar sesión próximamente, é polo que,

RESOLVO:

Primeiro: Conforme ao establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, advoca-la competencia previamente delegada na XGL en relación con este expediente.

Segundo: Aprobar a devandita Proposta de Resolución na súa integridade.

Terceiro: Declarar deserto o contrata de submnistro de vehículo retroescavadora mixta de segunda má. n.





Concello

As Neves

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, nas Neves, na data da súa sinatura electrónica

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 74LZG5F2K3ANRMMWZYM42H6TC
Corrección: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

